

As imaxes dixitais. Iniciación



As imaxes tamén son un tipo de información, e como tal pode ser tratada dixitalmente. Os arquivos de imaxes utilizan distintos formatos para almacenar as imaxes. Estes formatos podemos recoñecelos pola súa extensión. Vexamos os tipos máis utilizados e as súas características:

imaxe.bmp É un dos primeiros formatos. É o utilizado por windows. Non perde calidade, pero son arquivos moi “pesados”, ocupan moito. Non é moi recomendable.

imaxe.jpg É o máis utilizado para fotografías e o máis recomendable. Perde resolución (calidade), pero na maioría dos casos a perda non se aprecia debido ó tamaño de traballo da imaxe. Podese comprimir e alixeirar moito o arquivo.

imaxe.gif É o máis empregado en Internet. É ideal para gráficos, debuxos, iconos e imaxes que non teñan moitos cores. Non é moi apropiado para fotos. A súa ventaxa é que permite animacións (repetición en bucle de imaxes).

imaxe.png A característica máis importante é que admite transparencias. É un formato parecido ó gif.

O que determina o “peso” dunha imaxe é basicamente dous parámetros:

- **Tamaño.** As dimensións que ten a imaxe
- **Calidade.** A definición que ten a imaxe.
- **Formato.** O tipo de formato do noso arquivo.

Modificando estes dous parámetros poderemos adaptar a imaxe as nosas necesidades. Canto menor sexa o “peso” do arquivo, mellor, sempre e cando cumpra as nosas necesidades.


Para modificar parámetros e atributos dunha imaxe necesitaremos un programa de tratamento de imaxe. Veremos o Photoshop, dado que nos vai permitir realizar dende as operacións máis simples, hasta as máis complexas (dependendo do interese de cada unha e cada un).




Traballar coas imaxes. O Photoshop

O Photoshop é un dos programas de tratamento de imaxe máis famosos. Ten moitas ferramentas, pero nos só veremos algunhas das máis básicas e que nos permita facer unha edición das imaxes para as nosas necesidades. Agora vexamos como facer algunhas das operacións básicas co noso programa:


Recortar unha imaxe:



Utilizamos a ferramenta recortar.  Picamos no icono e seleccionamos unha área para recortar. Despois podemos afinar a área cos puntos que aparecen nos límites da selección. Finalmente pulsamos “Enter” e xa temos a imaxe recortada.


Visualizar co zoom unha imaxe:





Podemos aumentar ou disminuír a visualización da imaxe facendo zoom coa lupa.  Despois, poñendo a lupa encima da imaxe, faremos:

- + **Zoom** → **Click** na imaxe
- **Zoom** → **Alt + Click** na imaxe

Poñer un texto na imaxe:



Primeiro prememos no botón de texto.  1
Despois podemos modificar os atributos do texto (tipo de letra, tamaño, color, etc.) en  2

Facemos click no lugar da imaxe onde queremos poñer o texto e escribimos. Podemos facer as modificacións despois de ter escrito o texto.

